

opusdei.org

Os 50 anos do Colexio Montespino

O Pazo de Exposicións e
Congresos da Coruña foi o
escenario da celebración do 50
aniversario do Colexio
Montespino, o pasado 21 de
marzo. Este acto congregou a
máis de 500 persoas, entre
autoridades, profesores,
familias, estudantes e antigos
alumnos.

27-03-2025

O Colexio de Fomento Montespino
nace no curso 1974-1975, promovido

por un grupo de familias que apostaron por unha educación integral da persoa. Dende a súa fundación consolidouse como un referente na formación académica e humana, un compromiso educativo baseado na educación personalizada e nos valores cristiáns. O colexio conta cunha Capellanía que ofrece atención espiritual a toda a comunidade educativa. Ao longo destes 50 anos, milleiros de familias formaron parte deste proxecto que hoxe segue medrando con fillos e netos de antigos alumnos.

Ademais das actividades propias do colexio, as nais e pais do mesmo contan con actividades organizadas pola APA que tamén organizan as Escolas de Pais. Os antigos alumnos participan en actividades culturais, deportivas e benéficas organizadas pola Asociación de Antigos Alumnos.

A celebración dos 50 anos foi
recollida polos xornais La Voz de
Galicia e La Opinión de A Coruña.

<https://www.lavozdegalicia.es/...>

<https://www.laopinioncoruna.es...>

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/os-50-anos-do-colexio-
montespino/](https://opusdei.org/gl-es/article/os-50-anos-do-colexio-montespino/) (05-07-2025)